

A MÚSICA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

ELOI CALDEIRO PON MÚSICA AOS POEMAS DO PROTAGONISTA DO DÍA LETRAS GALEGAS, UN DISCO-LIBRO QUE INCLÚE UN EXHAUSTIVO DOCUMENTAL SOBRE A VIDA DO ESCRITOR

Incansable e brillante. Con estes dous adxectivos se podería describir ao home que este ano protagoniza o Día das Letras Galegas: Xosé María Álvarez Blázquez. Esa descrición podería ser o resumo do traballo que sobre o escritor, investigador e editor acaba de presentar Eloi Caldeiro, que na súa condición de músico adaptou once poemas de Álvarez Blázquez no cedé *Entre o Miño e o mar de Vigo*, no que tamén incluíu un deuvéde cun documental no que examina a vida cultural e persoal da figura central da próxima festa das letras.

O documental iniciase contando as orixes do fillo do médico Darío Álvarez, un profesional que exerceu en Tui tendo os valores sociais sempre como norte. A súa loita contra as inxustizas levou-no a compatibilizar os labores sanitarios, polos cales chegou a ser coñecido como «o médico dos pobres», coa defensa pública dos valores democráticos, o cal lle ocasionou finalmente a morte en 1936 ao ser fusilado nos inicios da Guerra Civil, despois de que, como se conta no documental, en Tui esconderan a orde que conmutaba a súa pena de morte por trinta anos de cadea.

O seu fillo Xosé María nacera en 1915 nun Tui que, como a escritora Marga Romero explica no documental, marcouno na súa creación literaria posterior. «O Miño e a catedral de Tui son imaxes que influíron na súa poesía». Álvarez Blázquez compatibiliza os seus estudos de Maxisterio coa súa militancia nas Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista, o que finalmente lle provocará a súa deportación ao pobo zamorano de Coreses. Corrían tempos difíciles para un escritor que vía que amigos seus como Alexandre Bóveda eran asasinados polas súas ideas.

O escudo do escritor para estas primeiras probas vitais foi o seu carácter, que o seu fillo Alfonso describe no deuvéde. «Era un home profundamente optimista e un exemplo de traballo e superación». En Coreses escribe obras como os *Sonetos del alma insomne* e *El crimen de la isla verde*, ata que en 1942 pide a excedencia para reunirse cunha familia que tivera que marchar de Tui a Vigo tralo fusilamento de Darío Álvarez.

O escritor acaba traballando como secretario da confraría de pescadores do Berbés, ao tempo que continúa cun traballo literario que en 1945 frutifica coa elección da súa novela *En el pueblo hay caras nuevas* como finalista do Premio Nadal, que ese ano gaña Carmen Laforet con *Nada*.

Xa asentado en Vigo en 1946 Xosé María cácase con María Luisa Cáccamo, e continúa ampliando a súa bibliografía, esta vez na



Os fillos de Álvarez Blázquez, na imaxe Xosé María, Alfonso e Celso, participan no documental



DISCO-LIBRO

«Entre o Miño e o mar de Vigo»

Eloi Caldeiro. Sons Galiza. Cedé + deuvéde. ***

escena, na que presenta as obras *El zapato de cristal*, que se representa no teatro García Barbón de Vigo, e *Los pazos antiguos*.

Acode á tertulia do café Derby, onde Álvarez Blázquez construíu a cultura galega do século XX xunto a artistas e literatos como Laxeiro, Fernández del Riego ou Paz Andrade.

En 1948, Álvarez Blázquez inicia o seu traballo como editor coa fundación da librería, e posteriormente editorial, Monterrey,



Entre os premios de Álvarez Blázquez está o Pedrón de Ouro

que sería o primeiro paso dun Álvarez Blázquez que posteriormente sería responsable de empresas editoriais tan importantes na cultura galega como a editorial Castrelos.

O xermolo de moitas destas ideas foron os veráns que a familia Álvarez pasaba unha casa de Co-

ruxo, pola que pasaba unha gran parte da intelectualidade galega da época. Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Urbano Lugrís ou Carballo Calero eran algunhas das personalidades culturais que se acercaban ata o que un dos fillos de Álvarez Blázquez, Celso, define no deuvéde como «unha casa aberta». «Unha vez chegamos a contar que pasaron duascenas persoas distintas durante o verán pola casa de Coruxo», explica Celso no documental dirixido por Eloi Caldeiro.

Nas décadas dos corenta e cincuenta, Álvarez Blázquez continúa coa súa labor como escritor con obras como *Poemas de ti e de min* (1949), xunto o seu irmán Emilio, *Una cabaña en el cielo* (1952) ou *Cancioneiro de Monfero* (1953), mentres esperta con forza outra das paixóns da súa vida: a arqueoloxía. As súas escavacións lévano a traballar como algunhas das pezas máis importantes da época romana de Vigo ou pezas paleolíticas de xacementos de lugares como As Gándaras de Budiño. Esta dedicación á historia culminara anos despois co seu nomeamento como cronista oficial da cidade olívica en 1976.

Todo este inxente traballo foi paulatinamente recoñecido con premios como o Álvarez García por a obra *Martín Códax, cantor do mar de Vigo*, o Pedrón de Ouro que lle concederon en 1981 ou recoñecementos como o seu nomeamento no ano 1962 como membro numerario da Real Academia Galega, que simplemente se limitaban a certificar o incesante traballo dun home que tivo como norte vital dar a coñecer o maior número de aspectos da cultura galega.

A CURIOSIDADE COMO PRINCIPAL VIRTUDE INTELLECTUAL

Tanto un dos seus colaboradores na editorial Castrelos, Darío Xohán Cabana, como o seu fillo Celso, destacan de Xosé María Álvarez Blázquez o seu inesgotable interese por descubrir temas novos de estudio. Cabana describe no documental dirixido por Eloi Caldeiro a súa «incesante curiosidade por todas as cousas», mentres que Celso abunda no tema explicando cómo esta «curiosidade e inquietude» tiñan un carácter «novo, incluso cando el xa era maior».

De este esforzo continuado non só xurdiron libros de ficción e estudos de carácter etnográfico e histórico, senón tamén fitos dentro da historia editorial galega, como foron os éxitos de vendas que logrou con coleccións como O Moucho, saídas da editorial Castrelos, e que supuxeron a primeira entrada na literatura do país para moitos galegos durante a década dos setenta, algo que podería ter non sucedido, ou acadado con máis dificultade, sen Álvarez Blázquez.